

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

V Certame do Teatro Afeccionado Pontedeume en Obras

OBXECTO

1. O Certame do Teatro Afeccionado Pontedeume en Obras ten a vocación de promover e organizar actividades teatrais, e contribuír á mellora da oferta cultural eumesa, potenciando a divulgación das compañías teatrais afeccionadas.

CALENDARIO DE REPRESENTACIÓNS

2. O V Certame do Teatro Afeccionado Pontedeume en Obras terá lugar os días 5, 12, 19 e 26 de maio de 2018.

3. A apertura o día 5 de maio, e a clausura o día 26 de maio realizaránse por parte de compañía de teatro eumesas.

4. O horario das representacións será ás 20:30 horas. O lugar de tódalas representacións será o salón de actos do IES Breamo situado na **Rúa Ricardo Sánchez nº5, Pontedeume**.

5. As labores de carga e descarga, así como as de montaxe e desmontaxe de decorados e escenografía, serán realizadas por persoal da compañía ou grupo. Reservarase espazo de aparcamento suficiente para a compañía invitada.

MEDIOS TÉCNICOS

6. O Salón de Actos do IES Breamo conta coas seguintes dotacións técnicas (Pode descargarse da páxina web do Concello de Pontedeume un plano esquemático do salón de actos):

- Un escenario de 7 m. de ancho, 5 m. de fondo e 2,5 m. de alto. Conta con paso traseiro e entrada directa ao escenario desde o camerino.
- Unha barra exterior dotada de 4 focos PAR e 4 focos PC.
- 3 luces no frontal do escenario con cores intercambiables.
- Mesa de son e de luces.
- Reproductor de DVD e proxector.
- Toma de corrente.
- Tarima de madeira.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- Telón.
- Patio de butacas cun aforo para 130 persoas.
- Aparcamiento reservado para carga e descarga.

CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN

7. O encontro só está aberto a grupos de teatro afeccionado. Cada grupo pode presentar o número de obras que desexe, das cales só poderá ser seleccionada unha. As obras deberán ter unha duración mínima de 45 minutos.

8. Non se poderán presentar obras seleccionadas en edicións anteriores deste certame, pero si poderán participar compañías que teñan participado en anos anteriores.

REQUISITOS DE INSCRICIÓN

9. Toda compañía que desexe participar no encontro deberá enviar a seguinte documentación:

- A "Ficha do espectáculo" cuberta cos datos da obra representada. (Pode descargarse da páxina web do Concello de Ponte deume)
- Un mínimo de 3 fotografías do espectáculo e cartel da obra en formato dixital para a promoción do mesmo.
- Un dvd do espectáculo íntegro que representará, ou enlace web para a súa visualización.

10. Todo isto deberá ser facilitado por correo electrónico ás seguintes direccións:

correo@pontedeume.gal e pontedeumeenobras@gmail.com

Ou por correo postal á dirección:

Concello de Ponte deume
Rúa Real nº13
15600 (A Coruña)

Especificando: V Certame de Teatro Afeccionado Ponte deume en Obras.

11. A documentación presentada pasará a formar parte dos fondos do Concello de Ponte deume, quen poderá usala para publicidade deste ou posteriores encontros.

PRAZO

12. O prazo límite para a presentación da documentación conclúe o mércores 18 abril de 2018.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

SELECCIÓN

13. A selección e organización por parte do Concello de Ponte deume poderá contar coa posibilidade de nombrar asesores ou contratar servizos de asesoramento.

PREMIO

14. O Concello de Ponte deume abonará un premio de 350 € a cada unha das dúas compañías seleccionadas.

CONFORMIDADE

15. A presentación da documentación esixida implica a aceptación das presentes bases na súa totalidade.

16. Calquera circunstancia non prevista nestas bases, así como a interpretación das mesmas, será resolta polo Concello de Ponte deume de maneira inapelable.

Asdo: D^a Yolanda Vázquez Busto
Concelleira de Cultura, Turismo e Comercio
Concello de Ponte deume

